

Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 05-08 Páx. 1 de 2	<b>PODA EN TRABALLOS FORESTAIS</b>

RISCOS	CAUSAS
• Caídas ao mesmo nivel	• Tropezos con vexetación, rochas ou ferramenta mal gardada
• Caídas a distinto nivel dende a árbore que se está podando	• Non utilización do equipo de seguridade ou mal estado deste
• Contusións e cortes	• Manexo inadecuado da ferramenta. Estado defectuoso desta. Forma de traballo inadecuada
• Estrés térmico por calor	• Altas temperaturas na zona de traballo. Roupa de traballo inadecuada para as condicións climáticas
• Incendio e/ou explosión	• Incendio forestal nas inmediacións da zona de traballo • Fumar ao encher o tanque. Arrancar a máquina en que se encheu o tanque ou antes de limpar os residuos de combustible
• Exposición ao ruído	• Elevada sonoridade da motoserra. Mantemento inadecuado desta
• Exposición ás vibracións	• Vibracións producidas pola motoserra. Mantemento inadecuado desta
• Sobreesforzos	• Posturas forzadas e manipulación de máquinas e materiais. Traballar coa motoserra por enriba dos ombros

### MEDIDAS PREVENTIVAS


- Antes de comezar o traballo hai que revisar a zona co fin de detectar posibles riscos. Comprobar o correcto estado do material de seguridade.
- Non traballar con mala visibilidade, con tempo inclemente ou coa árbore cuberta de xeo.
- Traballarán dúas persoas como mínimo, unha subida á árbore e outra abaixo, encargada da seguridade.
- Os escaladores terán coñecementos prácticos e teóricos de: seguridade nas técnicas de escalada, nas tarefas que se realizan e no manexo do equipo de traballo, así como no mantemento do equipo de escalada.
- Na zona de traballo disporase de material de escalada adicional para facilitar o salvamento e axudar o escalador no caso de emerxencia. Non utilizar material de seguridade defectuoso.
- Para salvar un obstáculo ao rubir por unha árbore procederase da seguinte maneira:
  - Atarase a corda de suxeición supletoria a un punto fixo.
  - Soltarase a correa de suxeición do arnés, pasarase por enriba do obstáculo e volverase atar ao arnés.
  - Por último, desengancharase a corda de suxeición supletoria do punto fixo e volvela colocar no cinto.
- Baixar da árbore lenta e coidadosamente.
- As ferramentas ou instrumentos deben estar firmemente suxeitas á correa cando non se usen.
- Se se utilizan escaleiras deberase manter a proporción 1:4, isto é, por cada catro unidades en altura manter unha unidade en horizontal de separación da base da árbore.
- Nunca se pintarán as escaleiras de madeira porque ocultarían posibles defectos. Empregar verniz transparente.
- Está prohibido utilizar escaleiras portátiles para traballos realizados a máis de 3,5 m de altura dende o nivel do chan sen equipos de protección anticaídas, ancorados a un punto fixo.
- Manter as precaucións referentes ao emprego da motoserra (rebote, mantemento ruído, vibracións etc.).

<b>REALIZADO</b>	<b>MODIFICADO</b>
Servizo de Prevención de Riscos Laborais Data: 08/10/2008	Data: 08-06-2013
Asdo.: M. <sup>a</sup> José Montero Vilarinho M. <sup>a</sup> Carmen Álvarez González	Asdo.: M. <sup>a</sup> José Montero Vilarinho






Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 05-08 Páx. 2 de 2	<b>PODA EN TRABALLOS FORESTAIS</b>




- Utilizar roupa de traballo adecuada para as condicións climáticas.
- O traballo en altura require dun gran esforzo físico, polo que se evitará a fatiga mediante os descansos pertinentes.
- Utilizar a motoserra máis lixeira posible segundo a esixencia do traballo que se vaia realizar.
- Mantemento dos distintos compoñentes da motoserra (cadea, embrague, escape etc.) segundo as indicacións do fabricante.
- Non traballar coa motoserra por enriba dos ombros.

### EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



### RECOMENDACIÓN

Casco de protección forestal con máscara EN-397 	Protección auditiva EN-352-1-2/ EN-458 	Protección ocular EN 166-172 	Luvas de seguridade EN-388/EN-407/EN-420 	Botas de seguridade EN-344/ EN-345/ EN-346/ EN-347 	Arnés de seguridade EN-341 /EN-361/EN-365 	Roupa de traballo adecuada con protección contra cortes provocados pola serra da cadea. Roupa adecuada para as condicións climáticas.
---	---	--	--	--	--	---

<b>REALIZADO</b>	<b>MODIFICADO</b>
Servizo de Prevención de Riscos Laborais Data: 08/10/2008  Asdo.: M. <sup>a</sup> José Montero Vilarino	 Data: 08-06-2013  Asdo.: M. <sup>a</sup> Carmen Álvarez González